

# Catro xuíces honorarios para a Asociación de Amigos do Couto Mixto

**DISTINCIÓN** ▶ A investidura de Máximo Salinas, Laura Seara, Alberto Fidalgo e Miguel Blanco será o 7 de xullo

**REDACCIÓN** • SANTIAGO

A Asociación de Amigos do Couto Mixto decidiu nomear xuíces honorarios do Couto Mixto a Máximo Salinas Valencia, Laura Seara Sobrado, Alberto Fidalgo Francisco e Miguel Blanco Grande.

O acto de investidura dos catro distinguidos terá lugar o próximo 7 de xullo en Santiago de Rubiás dos Mixtos, concello de Calvos de Randín, nunha cerimonia na que se lles entregará a vara de mando e a chave do arcón onde se garda a historia do Couto Mixto, e a que está prevista a asistencia de destacadas autoridades autonómicas, así como provinciais e representantes do ámbito cultural galego e portugués.

Respecto da identidade dos futuros xuíces honorarios do Couto Mixto, Máximo Salinas foi o anterior e primeiro presidente da asociación. Natural de Meaus, do concello de Baltar, é

catedrático da USC no campus de Lugo, distíngueselle polos seus traballos de investigación, que contribuíron ao coñecemento da realidade socioeconómica e cultural do Couto Mixto e dos pobos arraianos. Laura Seara e Alberto Fidalgo, deputados do Parlamento galego e o Congreso respectivamente, presentaron senllas proposicións non de lei sobre o Couto Mixto en ambas dúas Cámaras, obtendo como resultado o apoio unánime de todos os grupos para o recoñecemento histórico da realidade daquel territorio singular, así como para o desenvolvemento de accións que poñan en valor este territorio.

Miguel Blanco, crego do Couto Mixto, foi honrado pola súa contribución a recuperar a identidade desta Andorra, abolida pola lei de lindes entre España e Portugal en 1863.